

galiçia

SOLICITUDES

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:

http://www.medioruralem.rural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/plan_e_actividades/

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<http://evega.xunta.gal/>



As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:

Fax: 988 788 099 | e-mail: evega.medio-rural@xunta.es

Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2018

ORGANIZA

evega Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia

COLABORAN



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA

XORNADA TÉCNICA

NOVAS PERSPECTIVAS NO CONTROL DO OIDIO E O BLACK ROT NO VIÑEDO

18 de abril de 2018

Hotel Balneario Arnoia Caldaria
Arnoia - Ourense

XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA

08:30-09:00 Entrega da documentación. Presentación da xornada.

09:00-10:00 Control do oídio na vide.

Mariluz Cabodevila Pillado | *Servicios Territoriales de Agricultura y Sanidad Vegetal. Estación de Avisos de Tarragona. Departamento de Agricultura, Ganadería, Pesca y Alimentación de Cataluña*

10:00-11:00 A sensibilidade das variedades de vide ao oídio.

Félix Cabello Sáenz de Santa María | *Director do Departamento de Investigación Agroalimentaria do Instituto Madrileño de Investigación e Desenvolvemento Rural, Agrario e Alimentario (IMIDRA)*

11:00-11:30 Pausa-café

11:30-12:30 Síntomas e estratexias de tratamento do black rot ou podremia negra da viña.

Nuria de Prado Ordás | *Estación de Avisos Agrícolas de Carracedelo. Consellería de Agricultura e Gandería da Xunta de Castela e León*

12:30-13:30 Alternativas de produtos no control do oídio e do black rot.

Relatores: Técnicos das empresas BASF, Syngenta e Bayer

13:30-14:00 Mesa redonda cos relatores participantes.

Moderadora: Emilia Díaz Losada

OBXECTIVOS

O oídio da vide (*Uncinula necator - Erysiphe necator*) é unha enfermidade endémica en Galicia onde a coñecemos como cinsa. O fungo ataca todas as partes verdes da planta pero son os acios onde se localizan os danos máis importantes recubréndose dun po branco agrisado, e se os ataques son fortes os bagos rematan por secar. De non se tomar as medidas axeitadas a perda cuantifícase sobre o 60% do peso dos acios, chegando nos casos máis graves a ser total.

O oídio é unha das enfermidades máis complicadas de manexar xa que require dun maior número de aplicacións para o seu control. Todas as variedades presentan algún grao de susceptibilidade e ata hoxe non se logrou un control xenético. Por esta razón as prácticas culturais axeitadas constitúen a medida de control prioritaria e pasa por estruturar un plan de manexo que diminúa a intensidade do ataque e facilite o seu control químico. A aplicación de xofre non é suficiente se non é aplicado cun coñecemento axeitado da bioloxía e o desenvolvemento do fungo. Hoxe en día hai no mercado produtos que complementan o xofre cando a incidencia é elevada. Por outro lado, os produtos alternativos, tanto os biocontroladores coma os produtos de orixe natural, son unha ferramenta moi útil na prevención. En xeral non inducen á resistencia e na maioría dos casos están certificados para agricultura ecolóxica.

O black rot (*Guignardia bidwellii*), coñecida como podremia ou roña negra da vide, é unha enfermidade de orixe americana con importancia secundaria en España, se ben en Galicia aumentou a súa presenza nos últimos anos. O black rot afecta tamén distintas partes da planta: na folla a infección maniféstase en forma de manchas de contorno poligonal, de cor cremosa primeiro e logo cun ton rubio; nos acios aparecen lesións que lembran ás do mildio larvado, cunha cor parda ou violeta sobre as bagas, que se engurran, murchan e momifican.

Tanto o oídio coma o black rot son enfermidades que afectan en maior ou menor medida os viñedos galegos e que son preciso controlar en todas as campañas vitícolas. Por esta razón, os obxectivos da xornada son:

- Polo seu alto grao de incidencia o viticultor debe coñecer todas as ferramentas que tanto o mercado coma a comunidade científica poñen á súa disposición para o seu control, dentro dun marco de xestión sustentable do viñedo.
- Coñecer as posibilidades de control destas enfermidades así como as novas alternativas que permitan minimizar os seus efectos.

DESTINATARIOS

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal técnico das adegas e dos consellos reguladores, persoal investigador interesado no tema. Con especial fincapé ás mulleres e mozos/as agricultores/adegueiros en activo. Público interesado en xeral.

INSCRIPCIÓN

Número de prazas: 100 | Data de inscrición: ata o día 16 de abril de 2018